

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA APERTURA DO SOBRE ÚNICO (DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E PROPOSICIÓN) DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA AMPLIACIÓN DE PASO SUPERIOR E CONTENCIÓN DE TERRAS NO PK 161+500 DA LIÑA 810 DE ADIF DE MONFORTE DE LEMOS A BIFURCACIÓN CHAPELA, OS VALOS, REDONDELA

Expte nº: 5989/2018

Título: Ampliación de paso superior e contención de terras no PK 161+500 da liña 810 de Adif de Monforte de Lemos a bifurcación Chapela, Os Valos, Redondela (Plan Concellos 2017)

Na Sala de Concelleiros da Casa do Concello de Redondela, sendo as nove horas e dez minutos do día vinte e nove de decembro de dous mil dezaioito, constitúese a Mesa de Contratación integrada por:

Presidente: **Javier Bas Corugeira**, alcalde.

Vocais: **Juan Roberto Darriba Ferradás**, concelleiro do Grupo Municipal da AER.

Carlos López Quintáns, secretario xeral do Concello.

Ángel Santamariña Rivera, interventor municipal.

José Romero-Amich Nieto, arquitecto municipal.

Secretaria: **María Guillán Montero**, auxiliar administrativa de Administración Xeral adscrita ao Departamento de Secretaría.

Constituída a Mesa, o secretario informa de que se presentou unha única proposición, tal como consta no certificado do Rexistro de Entrada de data 28.11.2018, e que tamén resultan dos datos extraídos do Índice de documentos do Libro de Plicas con selo de órgano de data 27.11.2018 (Plica número 2018-0308), que é a seguinte:

IDENTIDADE	NÚM. E DATA DO ASENTO NO RE	OBSERVACIÓNS
NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU B27802503 Representante legal: Pablo Valiñas Monteagudo OFICIO ANEXO I E SOBRE ÚNICO	RE núm. 15790 de 23.11.2018 Plica núm. 2018-0308	EN PRAZO

A continuación, segundo a orde do día establecida e de acordo co establecido na base 7ª do PCAP, procédese en primeiro lugar, en acto público ao que asiste un representante da Federación de Empresas da Construción, a apertura do Sobre Único presentado pola única empresa presentada á licitación que contén a documentación



CONCELLO DE REDONDELA

administrativa e a oferta económica co seguinte resultado:

LICITADOR	PREZO OFERTADO (SEN IVE)	IVE	PREZO TOTAL
NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU B27802503	123.503,78	25.935,79	149.439,57

A continuación procédese a cualificación da documentación administrativa contenida no sobre, achegando a empresa licitadora os seguintes documentos:

- **Nexia Infraestructuras, SLU** con CIF núm. B27802503:

- Oficio que acompaña ao sobre, axustado ao modelo do Anexo I do PCAP, indicando que cumpre cos requisitos de capacidade e solvencia esixidos na normativa reguladora da contratación do sector público e que autoriza ao Concello a comprobar de oficio que a empresa se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e coa Seguridade Social.
- Declaración responsable do licitador indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración conforme co modelo que figura como Anexo II do Prego de cláusulas administrativas que rexe a licitación.
- O enderezo de correo electrónico no que o Concello poderá efectuar calquera notificación relacionada coa licitación ou a adxudicación, segundo o modelo do PCAP.
- Proposición axustada ao modelo do Anexo III do PCAP.

A continuación o secretario xeral do Concello comunica que se realizaron a comprobacións relativas ao cumprimento das obrigacións tributarias do licitador que autorizara ao Concello para comprobalo de oficio e que se incorporaron ao expediente os informes da Axencia Estatal de Administración Tributaria, da Seguridade Social e do Concello de Redondela e que todos eles son positivos, polo que a documentación presentada por Nexia Infraestructuras, SLU se axusta ao esixido no PCAP e debe ser admitida á licitación.

Considerando o anterior, a Mesa acorda, por unimidade dos seus membros, admitir á licitación a Nexia Infraestructuras, SLU.

A continuación o secretario xeral municipal informa de que na cláusula 10ª do PCAP se establecen os criterios para apreciar cando as ofertas poden estar incursas en presunción de temeridade que son os seguintes:

“Presumirase como desproporcionada ou temeraria a baixa de toda proposición que se atope nos seguintes supostos:

- ◆ *Cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior ao orzamento base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais.*
- ◆ *Cando concorran dous licitadores, a que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta.*
- ◆ *Cando concorran tres licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Con todo, excluírase para o cómputo de dita media a oferta de contía máis elevada cando sexa superior en máis de*



CONCELLO DE REDONDELA

10 unidades porcentuais a dita media. En calquera caso, considerarase desproporcionada a baixa superior a 25 unidades porcentuais.

- ◆ *Cando concorran catro ou máis licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Con todo, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a dita media en máis de 10 unidades porcentuais, procederase ao cálculo dunha nova media só coas ofertas que non se atopen no suposto indicado. "*

Tendo en conta que existe unha única empresa licitadora e aplicando estes criterios, o interventor municipal informa que o límite para apreciar que a oferta sexa desproporcionada sería 107.544,22 euros polo que a oferta presentada non pode considerarse anormal en base aos criterios establecidos no PCAP, xa que non é inferior en máis de 25 unidades porcentuais ao orzamento base de licitación.

Finalmente e tendo en conta que a oferta presentada pola única empresa licitadora é inferior ao orzamento máximo de licitación e que, por tanto, obtén a máxima puntuación, a Mesa acorda, por unanimidade dos seus membros, propoñer a adxudicación do contrato a favor de Nexia Infraestructuras, SL.

A Presidencia da por finalizado o presente acto, sendo as nove horas e vinte minutos da data fixada no encabezamento, e para constancia do tratado, redáctase a presente acta, que asino electronicamente xunto co Presidente, de todo o que, como secretaria, dou fe.